

O exame consta de **4 preguntas obligatorias**: a primeira, de resposta única, con valor de 4 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e valor de 2 puntos cada unha.

**PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE DEBUXO. (4 puntos)**

Realice un debuxo creativo para promocionar un congreso sobre intelixencia artificial, utilizando, polo menos, catro cores diferentes e dúas técnicas distintas. Explique o proceso de traballo, xustifique a combinación das cores e as técnicas utilizadas.

**PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE DEBUXO / PINTURA / GRAVADO-ESTAMPACIÓN / MIXTAS-ALTERNATIVAS. (2 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**2.1.** Se tivese que realizar unha proposta dun cartel publicitario para unha axencia de viaxes que pretende promocionar unhas vacacións no Caribe, que elementos e que técnicas de expresión gráfico-plástica considera os máis apropiados para conseguir un grande impacto visual? Xustifique e razoe a resposta. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**

**2.2.** Se tivese que presentar un deseño dun cartel publicitario, cunha proposta complexa e un máximo dunha hora para realizalo, que técnica ou técnicas utilizaría? Explique e xustifique as razóns. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**

**PREGUNTA 3. ASPECTOS XERAIS: CORES. (2 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**3.1.** Describa as principais características expresivas e comunicativas asociadas ás cores cálidas e xustifique en que circunstancia cre que é máis oportuno empregalas. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**

**3.2.** Describa as principais características expresivas e comunicativas asociadas ás cores frías e xustifique en que circunstancia cre que é máis oportuno empregalas. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**

**PREGUNTA 4. ASPECTOS XERAIS: TIPOLOXÍAS. (2 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**4.1.** Explique as diferenzas e similitudes entre unha ilustración e un collage. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**

**4.2.** Explique as diferenzas e similitudes entre un mural e un grafiti. Extensión aproximada: 20 liñas. **(2 puntos)**